

# A porta de entrada a Latinoamérica

Editores e escritores valoran os froitos do encontro de La Habana

DANIEL SALGADO

O vindeiro domingo, a Asemblea do Poder Popular Cubano escollerá o sucesor de Fidel Castro Ruz. Un día antes, é dicir, mañá, clausúrase a XVII edición da Feira Internacional do Libro da Habana, na que Galiza ostentou unha condición de cultura convidada de honra non exenta de polémica aquén do mar. Mais os axentes implicados ofrecen un balance inequivocablemente favorábel. "A nosa valoración global resulta positiva", indica o presidente da Asociación Galega de Editores (AGE), Alfonso García Sanmartín, xa regresado de Cuba. "Sabíamos que non era unha feira comercialmente importante pero si do punto de vista estratégico". Dende o Partido Popular, denominan "escándalo" a viaxe da delegación galega a Cuba e o reparto na illa, segundo o informe entregado pola Consellería, de 400.000 libros.

García Sanmartín, que encabezou a representación editorial na fortaleza de El Castillito, onde o Instituto Cubano do Libro organiza cada ano o certame, lembra que foi a AGE "quen solicitou que a cultura galega fose convidada en La Habana". "Entre os obxectivos que se cumpriron atopábanse visibilizar a nosa cultura e abrir portas para feiras latinoamericanas como a de São Paulo ou a de Guadalajara", afirma. Os editores gallegos despacharon a práctica totalidade dos 6.000 libros que, subvencionados pola Xunta para ofrecer "un prezo competitivo ao ci-

dadán cubano", levaron á outra beira do Atlántico. Sanmartín teima na cuestión estratégica: "En Cuba hai verdadeira fame de libros e son previsíbeis cambios a curto prazo; todo indica que se van abrir canles para crear empresas mixtas [entre propiedade privada e estatal] e cómpre estar ben situados". Nacións Unidas coloca nun elevado 96,7% a taxa de alfabetización da illa, unha das cinco máis altas de América Latina.

Cesáreo Sánchez Iglesias reforza as teses de García Sanmartín. "A feira resultou moi positiva, sobre todo se temos en conta que era un encontro cultural e non únicamente dos escritores", di. Con todo, o presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega enumera os contactos establecidos polos autores desprazados en La Habana: "Pechamos un acordo coa Casa de Poesía Dulce María Loynaz para publicar unha antoloxía, por exemplo, ou con outra editora de Colombia. A literatura oral galega [os contacantos] tamén entrou en contacto coa literatura oral cubana [os cuenteros]. Coido que cumplimos a nosa función de representación", engade, "porque o sistema literario galego é moito más amplio do que viaxou a Cuba". Para Sánchez Iglesias, o acontecemento tamén serviu para que "o país se reencontrase co que é en Cuba, unha galeguidez de que se acha en descenso e moi confundida co español; axudou a marcar as diferencias".

Respecto das acusacións de "dilapidación", o poeta defende



Raúl Castro e a conselleira Ánxela Bugallo durante a inauguración da Feira de La Habana. / José Górriz

**"Son previsíbeis cambios inmediatos na illa e cómpre estar situados"**

**"Fomos aló erguer a imaxe do país, non de excursión gastronómica"**

Para Iglesias, "a feira serviu tamén para reencontrarse co galego en Cuba"

"o axustado dos gastos da delegación" en La Habana. "Fomos aló erguer a imaxe do país e tamén a autoestima", asegura, "e non se tratou dunha excursión gastronómica, como as que había no pasado". Frente ás afirmacións de "connivencia" co réxime de Fidel Castro, Sánchez Iglesias fala de "país en marcha no que os cativos teñen unha auténtica ilusión lectora" e de "mínimo respecto polos procesos de desenvolvemento político de cada país". Manuel Rivas declaraba á Radio Galega dende La Habana non saber como se critica acudir a Cuba con libros, "que sempre foron unha fiesta á liberdade".

O presidente dos editores, García Sanmartín, refirese á imposibilidade de realizar unha análise así, mesturando cultura e política.

PASA Á PÁGINA SEGUINTE

ca". E continúa: "Non fomos a Cuba a apoiar ningún Réxime pero tampoco a incidir en cambio ningún; foi un posicionamento en Latinoamérica de cara á feira de Guadalajara, un comportamento, polo menos no caso dos editores, totalmente profesional". De feito, os mexicanos achegáronse aló para ver como funcionabamos e comprobar a calidade da nosa edición", remata. A Xunta presentou candidatura para ser a convidada na feira do libro de Guadalajara, a de meirande intercambio comercial da zona, en 2011.

Con máis contundencia expresa a profesora e crítica literaria Dolores Vilavedra. "O que hai que coñecer é se o investimento na feira de Cuba é rendible ou non", sinala, "e eu penso

## Exorcismo caribeño



Cando a legislatura remate e se faga balance, a Consellería de Cultura dirá que foi a que máis fixo polos artistas galegos, a que máis plexou por nós... e seguramente terá razón. Digo máis, con datos na man é indiscutible. O que xa é opinábel se iso é bo ou malo ou todo o contrario. E se é bo, para quen?

A consellera non é só de Cultura, é tamén de deportes —non me preguntedes por que—, e ás veces funciona co modelo dunha federación deportiva. Nestas, o primeiro de todo é a ficha, federarse. Sen ficha non podes ni entrar. Por outra banda, a teima máis recorrente das autoridades deportivas é o fomento do deporte base. Ben. Encántanme os deportes, seica son sanos e mesmo hai quen di que elevan o apetito sexual, pero nas artes, por exemplo en literatura, a calidade digna, o deporte base, non val nada: hai máis arte no fracaso, no feo ou

no enfermo que no digno. Pensar que a creatividade artística se pode estimular como se estimula o deporte de base é unha estratexia errada. Pódense planificar o folklore, a artesanía ou os obradoiros de manualidades, a creatividade.

Ademais, algo cheira a podre cando un goberno promove a arte, porque a arte é antiinstitucional, mesmo antisocial. Políticos e artistas eran inimigos naturais, ou non?

De aí que para un goberno, máis ainda en materia de cultura, resulte tan difícil saber o que non hai que facer como saber o que hai que facer. E máis valioso.

As industrias culturais e a consideración comercial dos seus produtos son para o país un síntoma de fortaleza. Non obstante, á hora de crear, non significan nada, ou só algo negativo. A promoción en bloque da sección de limpeza ou de conservas dun supermercado, fálanos de quen fai a promoción, máis que dos produtos. Ainda así a promoción dos libros galegos é algo macanudo, e natural

cando a fan as editoriais; non tanto a promoción dos autores, que achamos propia de lacazás. A Xunta non debe ser editora nin promotora de espectáculos nin axencia de viaxes nin adonarse de canta iniciativa hai, a base de finançais.

Todo acto co carímbo de artístico, se o organiza un goberno, xa pode ter a participación de cantos artistas se queira, convirtérsen nun acto político. E que? Que ten de malo iso? En principio nada. O que un non concibe é a un creador, que é basicamente un neurótico sádico e perverso, aceptando ser embalado e certificado como un burócrata encollido, como a última versión da catequese.


"Si home si. O que a ti che pasa é que mentres outros tomaban mojitos e daimis no malecón, ti devolvías baba verde de pola boca coma a nena do Exorcista". Igual si. Igual son esa nena de ollos de xofre que blasfemaba en lingua morta co pescoco virado e a voz de caza... Sobre todo se a alternativa é a Casa da pradeira.

Volvemos á industria. Un produto busca mercados alleos cando no seu non atopa saída ou cando se vende tanto que satura o mercado. O segundo aquí non parece ser o caso; fallo da literatura, que é o que coñezco. Pero o futuro da literatura non o situaría eu en Cuba nin en Francfort senón, partindo do ocio e o benestar, na belixerancia radical en torneo á defensa da lingua. E iso non se arranca abrindo a carteira e dicindo: "Canto hai que dar?" Iso é o último. O primeiro é implicarse persoal e politicamente, non comenzar as negociacións polo consenso ou as expectativas de rebaxia, senón polas ideas e as conviccions propias.

Cartos tirados. Que "un día é un día e un peso gastouse!" como dixo Fraga Iribarne cando soñou co pesadelo do Gaiás. Pero hai que saber que son cartos disfrutados de investimento, que non buscan o beneficio ou a expansión comercial. Son promoción no exterior para o interior, más agradecida; nin sequera para o público senón para nós, os produtores. Son unha lección de como funcionan as cosas: os que si, xa saben; e os que non, xa saben.

Claro que, cun par de mojitos, veriao todo perfecto.

## Luces



Un neno no pavillón de Galicia na Feira de La Habana. / J.G.

VÉN DA PÁGINA ANTERIOR que si. Rendibel en termos de proxección cultural e rendibel mesmo "económicamente". "Amais", segue, "considero que é un xesto de cortesía aceptar a invitación dun país para participar na súa feira. Dito isto, se candra non facía falta levar á Filarmónica". O ano pasado, Arxentina protagonizou o encontro hambanero, logo de que o fixesen Italia ou España, e o vindeiro fará Chile. "Precisamente Chile pediuños asesoramento", apunta Alfonso García Sanmartín, "porque coa situación actual da súa economía, dixerón, non poden realizar un desembarco así".

Vilavenda sospeita que as críticas do PP "serven de cortina de fume para que non se fale da Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic), por exemplo". "O que non acepto é que se deleguen nos escritores e artistas as responsabilidades morais", puntualiza, e pregunta: "Deixarian os arquitectos de viaxar aos Estados Unidos porque ali está Guantánamo, ali hai pena de morte ou porque ese país iniciou a guerra de Iraq?". Cesáreo Sánchez Iglesias cita idéntico exemplo e compara illa con continente. "Por esa regra de tres, ir áos Estados Unidos onde hai pena de morte, un altísimo índice de pobreza e unha mortalidade infantil superior á da illa, tamén debería dar cargo de conciencia". Mais Dolores Vilavenda explica que "é necesario defender o acto por si só, como un investimento do que imos obter beneficios non sempre tanxibeis".

Polo campo literario galego circula certo malestar soterrado arredor do evento libreiro cubano. A selección de escritores non se fixo, como era de agardar, a gusto de todos. E o blog de referencia Brétemas, que mantién o director de Xerais Manuel Bragado, gardou un significativo silencio sobre La Habana, ao

"Deixan os arquitectos de ir a EE UU porque hai pena de morte?"

O blog referencial 'Brétemas' gardou significativo silencio sobre La Habana

Ánxela Bugallo cifrou o gasto en arredor "dun millón de euros"

tempo que informaba das opiniões do escritor catalán Ferran Torrent no xornal El Mundo arredor da feira do libro de Francfort, na que Cataluña foi cultura convidada: "Tratouse dunha mentira, é moi doado pendurar a medalla da viaxe, mais iso non soluciona o problema da cultura catalá. Hai cousas más importantes que resolver, como o despréstixio da nosa literatura". Consultado para esta reportaxe, Manuel Bragado preferiu non opinar.

A lea orzamentaria desatada o pasado martes no Parlamento galego, cando se debatía a creación de Agadic, provocou que a titular de Cultura, a nacionalista Ánxela Bugallo, cifrase o custo da expedición cultural en "arredor dun millón de euros, limitados pola partida [orzamentaria] e iso é o que se vai empregar". O día da inauguración da XVII Feira Internacional de La Habana, o 13 de febreiro, o director do Instituto Ramon Llull de Cataluña, Josep Bargalló, presentaba o gasto da presenza catalá en Francfort o pasado ano, que atinxiu os 11 millóns e medio de euros.

## DO TRINQUE

# Manuel Martínez e Anxos Sumai "debuxan no po"

D. S.

Unha poética da pegada, do inicio, do improbable, é o que presentan en *24 10 06* o fotógrafo e deseñador gráfico Manuel Martínez e a escritora Anxos Sumai. O diálogo entre a fotografía de sombras e o fio textual vertebral un volume que pode conectar coas propostas visuais de Emilio Araúxo, no seu empeño en testemuñar a desaparición. "Debuxando no po, no movedizo", di a cita do marxista alemán Walter Benjamin que abre, canda a ensaista Susan Sontag e o poeta Paul Celan, o libro, e que confirma a pulsión esquinada, voluntariamente marxinal, das imaxes de Martínez. A coidada publicación, na pequena editora compostelá Candeia, coincide cun libro de viaxes, *Ghats*, tamén de Martínez. Con artigos iniciais de Antón Lopo, Anxos Sumai, Xerardo Fernández e Roberto Ribao, *Ghats* transita a India a través de fotos en cor que evitan o lugar común do turismo internacional e o consenso construído sobre os tópicos que afectan ao país asiático.

A colección de poesía de Espiral Maior retorna ás librarías cun feixe de novedades. Do *Esteiro de noites falecidas*, que lle valeu ao lucense Isidro Novo o premio de poesía do Concello de Carral, a *Miño*, de Francisco Fernández Naval e premio Cidade de Ourense, a editora coruñesa pon sete títulos na rúa, incluído *Diccionario do estremecemento*, do seu director Miguel Anxo Fernán-Vello. Fernán-Vello recúncia en temas explorados en *Territorio da desaparición* (2004) e ratifica a apertura da súa obra a terreos tradicionalmente denominados sociais, o que el de "poesía pública", con proverbial opulencia verbal. Galardoado no certame da editorial, comparece o quinto libro de Yolanda Castaño, *Profundidade de campo*, que radicaliza o narcisismo de anteriores entregas e a teima coa propia eficie. O débú de Rosa Enríquez, *Vestíbulo da devastación*, ou o primeiro poemario de Ánxoles Penas en 16 anos, *Amor deshabitado*, amplían o catálogo.

Co ambicioso *Poesía en ruta*, Quintiá desenbarca de novo nas lindes do xénero poético, logo de *ailalelo de auga*. A súa apostila, palimpsestica e liminar, arrimase a experiencias literarias de complexa situación, nun traxecto aberto por Chus Pato e percorrido, tanxencialmente, por Estibaliz Espinosa ou a Emma Couceiro de (*cito*). Publica igualmente Espiral Maior. Xustamente a Chus Pato pertence *Hordas de escritura*, o terceiro volume da pentoxia *Método*, que Ediciones Xerais xa anunciou na súa web canda *Acendede as almenaras*, de Bernardino Graña.

Ediciones Positivas reactiva a súa liña de poesía co libro crónica de Moncho Iglesias, *Oda ás*



Co ambicioso  
"Poesía en ruta",  
Quintiá regresa ás  
lindes da poesía

Ediciones Positivas  
publica a Safo en  
galego e prepara  
a súa refundación

nais perenne con fillos caducos  
nos brazos, escrito en Belén e  
cun aire a socialrealismo na  
acepción convencional do tempo.  
Iglesias narra a guerra  
aberta do Estado de Israel contra  
o pobo palestino. A poesía  
completa de Safo de Lesbos, en  
tradución de Raúl Gómez Pato,  
ou o *Canto elegíaco de Amozade*,  
do brasileiro Chico César en ver-  
sión portuguesa orixinal, conforman  
algunhas das outras novitàs  
da editora que dirixe Paco Macías  
e que prepara a súa refundación.

Sete anos despois da morte  
dun dos nomes determinantes  
da literatura europea contemporánea,  
o alemán W.G. Sebald, a  
editorial Galaxia ofrece o pós-  
tumo *Campamento*. Vertido ao

galego por Catuxa López Pato,  
tradutora igualmente de Paul Celan, o volume recolle textos  
inacabados, ensaios literarios  
sobre Peter Handke ou Kafka, e  
diarios de viaxes, escritos nesa  
encrucillada estética e identitaria  
que caracterizou vida e obra de Sebald. O *castelo branco*, do Nobel turco Orhan Pamuk, ou a peripécia do comisario Montalvano *A pista de area*, de Andrea Camilleri, xunto a *As mágoas do mozo Werther*, de Goethe, *Tres contos*, de Flaubert, ou *O ruído e a furia*, de William Faulkner aparecen en galego, estes tres últimos na liña de clásicos de Galaxia.

Xosé Vázquez Pintor é o autor galardoado este ano co premio Letra E da Asociación de Escritores en Língua Galega. Ao tempo que se coñece a distinción, Vázquez Pintor publica en Sotelo Blanco edicións a novela *Para dicir abril*, que aparece reprendido co Risco de Creación Literaria 2007. Logo de oito sen entregar narrativa —*A memoria de boi* data de 2000—, o escritor de Melide ofrece, segundo a nota editorial, unha obra que explora "algúnha das vetas más escuñas do ser humano, a soida de, os grandes traumas, a dor en estado lacerante".

Unha edición de Rosa Aneiros, Xosé López, Marta Pérez Pereiro e Víctor Freixanes en dous volumes, artigos e biografías, titulada *Xornalistas con opinión*, recolle obra en prensa de autores como Concepción Arevalo, Pardo Bazán, Xoán Xesús González, Seoane, Blanco Torres, María Luz Morales ou Álvaro Cunqueiro, até completar vinte biografías. Outro xénero achegado ao xornalismo, e particularmente fértil no campo literario galego, o libro de conversas en función de memorias, sae á luz en Espiral Maior: *No pazo de Laiouento* contén as entrevistas entre Xosé Luna Sanmartín e o editor Francisco Piñolado Maior. Da man de Xerais comparece a reedición de *Matadeo mañá*, o testemuño autobiográfico do aviador republicano e galeguista Elixio Rodríguez, secretario da Solidariedade Antifeixista Galega e colaborador da revista Vieiros no exilio mexicano xunta Luis Soto, Carlos Velasco ou Luís Seoane. Rodríguez morreu o pasado ano.

Na mesma editora o catedrático de Teoría da Literatura e ex rector da Universidade de Santiago de Compostela, Darío Villanueva, escolma 21 "ensaios e estudos de literatura". De *El Quijote a Carvalho Calero*, Villanueva pasa, por primeira vez en galego en libro, pola obra de Cunqueiro, Valle-Inclán, Rosalía, Ramón Piñeiro, Joyce, Díeste ou Casares. *Da palabra no tempo* denomina o volume, acarreado antes, segundo confese, non liñiar o propio Darío Villanueva, á prosa académica que é ensaística e escrito desde "unha certa conciencia crepuscular".

## GALICIA